



**Memoria de actividade. OSIMGA**

**Ano 2016**

**Pleno do Observatorio da Sociedade da  
Información e a Modernización de Galicia**

**XUNTA DE GALICIA**

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2017

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

# Índice

|            |                                                                        |
|------------|------------------------------------------------------------------------|
| <b>1</b>   | <b>Introdución.....5</b>                                               |
| <b>2</b>   | <b>Obxectivos.....7</b>                                                |
| <b>3</b>   | <b>O OSIMGA en cifras.....9</b>                                        |
| <b>4</b>   | <b>Pleno do OSIMGA. Ano 2016.....13</b>                                |
| <b>5</b>   | <b>Actuacións e proxectos.....16</b>                                   |
| <b>5.1</b> | <b>Informes de carácter xeral.....17</b>                               |
|            | 5.1.1 Fogares.....18                                                   |
|            | 5.1.2 Empresas.....19                                                  |
|            | 5.1.3 Sector TIC.....20                                                |
|            | 5.1.4 eAdministración.....21                                           |
| <b>5.2</b> | <b>Estudos temáticos.....22</b>                                        |
|            | 5.2.1 Novos perfís profesionais dixitais en Galicia.....24             |
|            | 5.2.2 A Sociedade da Información no Rural.....25                       |
|            | 5.2.3 Uso das TIC polas persoas con discapacidade.....26               |
|            | 5.2.4 Os Maiores e a Sociedade da Información.....27                   |
|            | 5.2.5 Innovación Social Dixital.....28                                 |
|            | 5.2.6 O Software libre nas Pemes.....29                                |
|            | 5.2.7 O Software libre nas Empresas informáticas.....29                |
|            | 5.2.8 O Software libre nos Concellos.....29                            |
|            | 5.2.9 A mocidade e as TIC.....30                                       |
|            | 5.2.10 A Sociedade da Información desde unha perspectiva de xénero..31 |
|            | 5.2.11 As Mulleres no sector TIC.....32                                |
|            | 5.2.12 A Sociedade da Información e os Autónomos de Galicia .....33    |
|            | 5.2.13 Hipersector TIC de Galicia .....34                              |
|            | 5.2.14 A RSE no sector TIC.....35                                      |

|            |                                                                                                        |
|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>5.3</b> | <b>Proxectos en colaboración co IGE e no marco do IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016.....36</b> |
|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|

|                                                                                                                                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Convenio de colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas.....38 |
| Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.....39                                                              |
| Enquisa ás Empresas TIC.....39                                                                                                    |
| A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos Concellos galegos.....40                                                   |
| A Sociedade da Información no rural.....40                                                                                        |
| O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.....40                                                    |

|            |                                                     |
|------------|-----------------------------------------------------|
| <b>5.4</b> | <b>Sistema de información e vixilancia ..... 41</b> |
|------------|-----------------------------------------------------|

|            |                             |
|------------|-----------------------------|
| <b>5.5</b> | <b>Colaboracións.....46</b> |
|------------|-----------------------------|

# 1. INTRODUCCIÓN

---

Este documento presenta un balance dos servizos e actuacións desenvolvidas durante o ano 2016 polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), organismo adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

O **principal obxectivo** desta memoria anual é difundir os resultados de todas as actividades realizadas por parte do OSIMGA durante ese período de acordo coa planificación de actividades que figura no Plan de Traballo Anual 2016, aprobado no Pleno celebrado o 27 de maio de 2016.

As actividades do OSIMGA **enmárcanse nas iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020**, dado que o Observatorio configúrase como o instrumento para analizar e avaliar o estado de desenvolvemento da sociedade da información en Galicia.

No ano 2016 abordáronse **novas liñas temáticas de estudo** relacionadas cos novos perfís profesionais dixitais en Galicia, o rural, uso das TIC polas persoas con discapacidade e os maiores. Ademais, acadouse de novo un **100% no grao de execución** das actuacións do OSIMGA, afianzando a intensa **colaboración** establecida entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, e **o Instituto Galego de Estatística (IGE)**, no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información

Esta colaboración materialízase na optimización da recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia e na inclusión de seis operacións e actividades estatísticas no IV Plan Galego de Estatística 2012 -2016 e nos seus correspondentes Programas Anuais. Ademais, no ano 2016 publicouse o resultado dun novo proxecto sobre “A Sociedade da Información no Rural”.

Os froitos deste traballo e esforzo son a eficiencia e a rigorosidade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica na área das tecnoloxías da información e da comunicación e a **consolidación dun sistema de indicadores da Sociedade da Información en Galicia**.

A Memoria do OSIMGA ofrece distintos **indicadores de seguimento** sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentando dun xeito sistemático todas as observacións realizadas polo OSIMGA, tanto as **observacións de carácter xeral como as de carácter temático**. Esta memoria comprende os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información de Galicia.

Este documento describe tamén o estado dos proxectos e actividades do Observatorio no marco do Plan Galego de Estatística 2012-2016, entre as que destaca a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia e a realización, por primeira vez, dun estudo específico no ámbito do rural.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como órgano de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa [web](#) como principal instrumento de difusión.

Por último, abórdanse as actividades de colaboración en eventos, proporcionado información e indicadores, coa finalidade de contribuír á difusión do estado e da evolución das TIC en Galicia.

## 2. Obxectivos

---



**OBSERVATORIO**  
da Sociedade da Información  
e da Modernización  
DE GALICIA

**Órgano para avaliar o avance da  
Sociedade da Información**

---

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nesta materia.

O OSIMGA é un sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

Creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), que foi modificado polo Decreto 57/2013 do 11 de abril (DOG, 12/04/2013), o OSIMGA está adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia.

### Obxectivos

---

Os principais obxectivos do Observatorio son:

- Desenvolver ou promover recompilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer, cunha visión global, o nivel de desenvolvemento, a tendencia e as posibles problemáticas que poden afectar á extensión da Sociedade da Información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.

- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
- Elaborar e presentar publicamente informes que reflictan o estado de situación ou a evolución prevista.
- Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

### 3. O OSIMGA EN CIFRAS. Ano 2016

---

**40** informes realizados

**790** indicadores monitorizados

**24** colaboracións establecidas con outras entidades

**115.854** visitas á web OSIMGA

**9.655** visitas medias mensuais da web


### Evolución do OSIMGA desde a súa creación

Desde a creación do OSIMGA, a principios do ano 2010, o OSIMGA realizou un amplo esforzo para ampliar a súa actividade de observación e análise dos indicadores da Sociedade da Información e, ao mesmo tempo, achegar este coñecemento dunha forma clara e transparente á sociedade.


As necesidades e expectativas da cidadanía, empresas e Administracións Públicas son o punto de partida para a definición dos nosos compromisos, sendo a medición do seu grao de cumprimento unha tarefa fundamental no proceso de mellora continuada do OSIMGA.

Por este motivo, neste capítulo preséntase un balance dos principais indicadores de xestión do Observatorio e amósase a evolución positiva que experimentaron, tanto o número de estudos e análises realizados como o incremento significativo das consultas e visitas aos produtos e servizos que se ofrecen desde a web do OSIMGA


O OSIMGA ven despregando unha intensa labor de análise a través da elaboración de diagnósticos, estudos temáticos e análises, acadando a cifra de 40 informes no ano 2016, mantendo o elevado ritmo de publicacións do último ano.




O OSIMGA comezou monitorizando cen indicadores relativos ás TIC en diversos ámbitos: fogares, empresas, sector TIC e Administración. Actualmente, xa se acadan os 790 indicadores avaliados anualmente polo OSIMGA que permiten atender ao singular perfil sociodemográfico existente en Galicia.



Unha das conclusións máis relevantes e positivas que se observan neste exercicio de autodiagnóstico que realiza o OSIMGA é o seguimento dos proxectos e actividades do OSIMGA a través da súa web. No ano 2016, o número medio mensual de visitas á web do OSIMGA situouse en 9.655 visitas, experimentando un aumento do 10,4% no período 2015-2016.



O OSIMGA analiza tamén a información de actualidade procedente de entidades externas, extraendo os datos destacados relativos á Comunidade Galega e observando as últimas tendencias en materia de Sociedade da Información. O boletín electrónico informa aos nosos subscritores dunha selección experta das experiencias e eventos de actualidade. A boa acollida deste servizo queda reflectido nos máis de 2.700 subscritores cos que conta o boletín do Observatorio.




## 4. Pleno do OSIMGA. Ano 2016


---

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2016 teñen como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado no Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

O Pleno do Observatorio, celebrado o 27 de maio de 2016 na sede da Amtega, edificio Cinc da Cidade da Cultura de Galicia, estivo presidido pola Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia e integrado por representantes das distintas Administracións públicas, universidades xunto con personalidades de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información e de modernización administrativa.



## Estrutura do Pleno do OSIMGA



Neste Pleno do OSIMGA do ano 2016 presentouse o balance das actuacións realizadas no ano 2015 e avaliouse o estado da Sociedade da Información en Galicia a través dos principais datos estatísticos. Dando cumprimento ás directrices do Decreto de creación do OSIMGA, tamén se presentou a súa Memoria Anual e aprobouse o Plan de Traballo do Observatorio para o ano 2016.

### *Balance da Axenda Dixital de Galicia 2020. Ano 2015*

---




O Goberno galego fixo unha aposta pola tecnoloxía e pola economía do coñecemento a través dunha nova folia de ruta: A Axenda Dixital de Galicia 2020.

Ademais, presentouse o informe Balance 2015 da Axenda Dixital aos integrantes do pleno do Observatorio.

### *Memoria de actividade e Plan de Traballo do OSIMGA*

---

O Pleno do Observatorio do ano 2016 aprobou o Plan de traballo anual que describe as tarefas que configuraron o programa de traballo do Observatorio ao longo do ano 2016 e a memoria de actividades que pode consultarse na web do OSIMGA [www.osimga.org](http://www.osimga.org)




## 5. Actuacións e proxectos

A fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, durante o ano 2016, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) levou a cabo unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

A continuación, preséntanse todos os proxectos realizados polo OSIMGA ao longo do ano 2016, organizados en base a cinco liñas de actuación estratéxicas. Para cada un dos proxectos identificados expoñerase a súa descrición e características máis relevantes.

Todos os informes de carácter xeral e os estudos temáticos do OSIMGA distribúense libremente na Rede baixo licenza Creative commons e poden consultarse na web do Observatorio [www.osimga.org](http://www.osimga.org)

### *Liñas de actuación estratéxicas*





## 5.1. Liña 1 – INFORMES DE CARÁCTER XERAL

No ano 2016, o OSIMGA deu continuidade á análise da evolución do equipamento e uso das TIC nos seguintes catro colectivos.

 FOGARES

 EMPRESAS

 SECTOR TIC


 eADMINISTRACIÓN





## 5.1.1 Fogares

### Cal é a situación e a evolución?




- **Marco: Convenio Amtega - IGE**
- **8.044 enquisas presenciais nos fogares galegos e 17.483 enquisas a persoas de idades entre 16 a 74 anos.**

Este informe foi realizado no marco do **convenio asinado entre a Amtega e o IGE**, a partir dos datos recollidos na “Enquisa Estrutural a fogares” do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA, co fin de avaliar a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega.

Esta colaboración supuxo un aumento de mostra a fogares respecto aos anteriores estudos que realizaba o OSIMGA, facilitando unha **maior desagregación dos datos** segundo áreas xeográficas.



## 5.1.2 Empresas



**O gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC superou os 337 millóns de euros**



A Sociedade da Información  
nas empresas de Galicia

A información que se presenta procede da “Enquisa sobre uso das TIC e comercio electrónico nas empresas” do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi **facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.**

Ademais, dito Convenio permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, especialmente, no que se refire a:

- 1. Microempresas**
- 2. Ampliación significativa dos indicadores de comercio electrónico**
- 3. Datos específicos das empresas multilocalizadas,** con sede fóra de Galicia, e que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega.



## 5.1.3 Sector TIC

O volume de negocio das empresas TIC galegas **superou os 2.453 millóns de euros no ano 2015**, un 2,4% máis que no ano anterior.




**5<sup>a</sup>**

Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC.

**Estudo de referencia do sector empresarial TIC galego, realizado polo OSIMGA e incluído no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016**

Este informe presenta os principais datos de caracterización do sector TIC galego: emprego, volume de negocio, demografía empresarial,...



## 5.1.4 eAdministración

- O OSIMGA analizou o avance dos servizos públicos da administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos

Estas dúas estatísticas do OSIMGA **están incluídas no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016**

A Enquisa sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia foi realizada en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico da Axenda Dixital e do **Plan eConcellos**.



## 5.2 Liña 2 – ESTUDOS TEMÁTICOS

No ano 2016, O OSIMGA tamén publicou diversos estudos monográficos, que teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Axenda Dixital de Galicia 2020.

Os estudos monográficos do Observatorio elaboráronse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector, ou ben, a partir da recompilación da documentación e datos existentes en fontes de información externas.

A continuación, preséntanse as áreas temáticas e colectivos específicos analizados polo OSIMGA no ano 2016. Para cada unha destas áreas estratéxicas de interese, realizouse un estudo temático, do que se expoñen a súa descrición e características máis relevantes.



#### NOVAS LIÑAS DE ESTUDO:

- Novos perfís profesionais dixitais en Galicia
- A Sociedade da Información no Rural
- Uso das TIC polas persoas con discapacidade
- Os Maiores e a Sociedade da Información
- Innovación Social Dixital



#### COLECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Mocidade
- Mulleres
- Autónomos
- Hipersector TIC

#### TEMAS TRANSVERSAIS:

- A Responsabilidade Social Empresarial no Sector TIC

#### ÁMBITO SOFTWARE LIBRE:


- En PEMEs
- En Empresas Informáticas
- Concellos

## 5.2.1 Novos perfís profesionais dixitais en Galicia



A Axenda Dixital de Galicia 2020 asume o desafío de dar o paso **da competencia ao talento TIC**. Neste contexto, o obxecto do estudo é pormenorizar na identificación do escenario actual e a proxección a futuro do mercado dixital galego en relación ao aliñamento da oferta-demanda de profesionais TIC da Comunidade a fin de ofrecer unha visión actualizada das oportunidades laborais vinculadas ao sector tecnolóxico e ás novas profesións que están a xurdir na era dixital.

Entre as conclusións deste estudo, destaca que **as empresas demandarán máis de 2.900 novos empregos TIC en Galicia durante o período 2016-2018**, un 54% dos perfís dixitais serán demandados polo sector TIC e o 46% restante polos demais sectores económicos galegos.



- Este estudo responde aos compromisos asumidos no marco do Programa Anual de Estatística 2016 da Comunidade Autónoma de Galicia.



Este estudo utiliza como fonte de información a *Enquisa Estructural a Fogares* que realiza o Instituto Galego de Estatística e a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE.

O IGE baseouse na metodoloxía empregada por Eurostat, incorporando un subgrao de urbanización e achegando finalmente a seguinte clasificación :



Ligazón á metodoloxía: [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas\\_Rev.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas_Rev.pdf)


## 5.2.3 Uso das TIC polas persoas con discapacidade

### O uso das TIC e a Discapacidade



Este estudo analiza o uso das TIC nun colectivo que en Galicia comprende a **máis de 206.000 persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, o 7,6% da poboación galega.**

Para levar a cabo este estudo, realizouse unha **consulta a 113 asociacións galegas de persoas con discapacidade**, que actúan como portavoces dos hábitos dos seus asociados/as.



### As TIC avanza a bo ritmo entre os maiores

**A porcentaxe de galegos de 55 a 64 anos que emprega internet  
incrementábase do 30% ao 50% en catro anos**

#### **Capacitación dixital pública e gratuíta**

A Xunta ten en marcha o **Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020** para facilitar capacitación dixital a todos os galegos, independentemente do nivel de coñecemento que posúan. Un dos instrumentos deste Plan é a Rede de aulas públicas **CeMIT**, que desde a súa posta en marcha en 2011, vén traballando para achegar as TIC ás persoas maiores. Actualmente a Rede conta con **máis de 15.000 usuarios maiores de 55 anos, principalmente das zonas rurais de Galicia**.


En total en 2016 a Rede CeMIT realizou **máis de 280 cursos e máis de 4.200 horas de formación específicas** para este colectivo. Ademais, lanzáronse actividades formativas coma os 55 cursos prácticos **“Aprende a usar o teu smartphone”**, nos que participaron máis de 500 persoas maiores, unha actividade que acaba de abrir unha nova edición en 2017.

## 5.2.5 Innovación Social Dixital



Trátase do **1º estudo a nivel galego neste ámbito**. O obxectivo principal é identificar as organizacións e entidades que traballan neste ámbito en Galicia e os principais proxectos de innovación social dixital.

Durante o ano 2015 recompiláronse as principais iniciativas e, trala aprobación do **Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020** (Consello da Xunta - 21 de abril de 2016), presentáronse os resultados do Mapa de innovación social dixital no ano 2016 no marco da Axenda Dixital de Galicia 2020.



- Estes estudos responden aos compromisos asumidos no marco das actuacións de impulso do Software libre que se establecen no Plan de Acción Software Libre 2016
- O OSIMGA analiza o avance da implantación do Software Libre nas empresas e na Administración

Os estudos realizados no ámbito empresarial ofrecen **evolucións desde o ano 2006** e datos específicos segundo número de empregados/as das empresas, actividade económica e provincia así como **propostas de actuación**



## 5.2.9 A mocidade e as TIC

### A CONEXIÓN A INTERNET NOS FOGARES GALEGOS CON NENOS E ESTUDANTES ROZA O 90%

**Supera en máis de 22,5 puntos aos fogares nos que non conviven nenos e mozos**



#### **Impulso das habilidades dixitais a través dos máis novos**

- Este informe evalúa a incidencia da presenza de nenos/as e xóvenes no fogar en relación ao equipamento e uso das TIC, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE .



## 5.2.10 A Sociedade da Información desde unha perspectiva de xénero



A fenda dixital de xénero no uso de Internet en Galicia (4,3 puntos) está por baixo de países como Alemaña (5 puntos), Portugal (6 puntos), Italia e Austria (8 puntos)


No ano 2016, o OSIMGA continuou analizando o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información entre o colectivo feminino e realizando un seguimento da fenda dixital de xénero en Galicia

- Analiza comparativamente os principais indicadores de uso e acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia nos que ten influencia a diferenza segundo o sexo.
- Estuda a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo
- **Este estudo responde aos compromisos asumidos no marco da:**

unidade de  
**muller e  
ciencia**  
de galicia



## 5.2.11 As mulleres no sector TIC



**As mulleres representan o 34,9% do total de traballadores do Hipersector TIC galego.**

Este informe, **elaborado polo OSIMGA**, deu cumprimento aos seguintes obxectivos:

- Presentar **datos actualizados** sobre a presenza das mulleres no sector tecnolóxico.
- Identificar as súas funcións e **roles** no cadro de persoal das empresas TIC.
- **Recompilar recomendacións** que promovan a incorporación das mulleres en postos cualificados do sector TIC, fomentando a súa participación nos procesos de toma de decisións.



## 5.2.12 A Sociedade da Información e os Autónomos de Galicia.



En Galicia, existen **142.546 autónomos/as galegos, que representan o 7,2% do total de España.**

Este informe constitúe un elemento de diagnóstico para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as



**Galicia conta con 3.320 empresas deste ámbito, que empregan a 21.255 traballadores, a maior cifra dos 5 últimos anos**

- **Estudo a nivel galego que recompila as principais cifras económicas do Hipersector TIC:** demografía empresarial, emprego, balanza comercial, innovación tecnolóxica.
- Este informe está en consonancia coas directrices marcadas na Axenda Dixital de Galicia, que identifica ao Hipersector TIC como unha das cinco liñas estratéxicas do Plan, recoñecendo o **efecto tractor deste sector**, que ademais de aumentar a competitividade na economía autonómica, impulsa ao resto do tecido empresarial galego

## 5.2.14 A Responsabilidade Social Empresarial no sector TIC

Co obxectivo de coñecer e avaliar as principais políticas, estratexias e prácticas en materia de RSE así como facer un seguimento dos principais datos existentes sobre a aplicación da RSE, desde o OSIMGA, en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, elaborouse o segundo estudo de caracterización da RSE no sector TIC e recompilación dos principais indicadores existentes nesta materia.





### 5.3 Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016

Durante o ano 2016, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, e o Instituto Galego de Estatística (IGE) desenvolveron varias liñas de colaboración no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

**Algúns resultados desta intensa colaboración** entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE son:

O OSIMGA acadou o **100% de execución** en todas as operacións e actividades estatísticas incluídas no Programa Estatístico Anual correspondente ao ano 2016

Publicouse un novo informe:

**A Sociedade da Información no Rural**



Liña 3 – PROXECTOS EN COLABORACIÓN CO IGE  
E NO MARCO DO IV PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2012-2016



A continuación, relaciónanse os proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e as operacións e actividades estatísticas cuxa responsabilidade de execución recae na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA. Para cada un destes proxectos, indícase o grado de execución, outorgado polo IGE:

| Código                                                                                                                                   | Proxectos en colaboración co IGE e Operacións e actividade estatística do IV Plan Galego de Estatística | Grao de execución Ano 2016 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|
| <b>Convenio de colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE para a optimización das operacións estadísticas nos fogares e nas empresas</b> |                                                                                                         |                            |
| 4101-02-OE05                                                                                                                             | Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia                                           | Grao de execución: 100%    |
| 4102-01-OE05                                                                                                                             | Enquisa ás Empresas TIC                                                                                 | Grao de execución: 100%    |
| 4103-01-OE05                                                                                                                             | Estatística da administración electrónica na Xunta de Galicia                                           | Grao de execución: 100%    |
| 4103-02-OE05                                                                                                                             | Estatística da administración electrónica nos concellos de Galicia                                      | Grao de execución: 100%    |
| 4106-01-AE05                                                                                                                             | A Sociedade da Información no rural                                                                     | Grao de execución: 100%    |
| 4102-02-AE05                                                                                                                             | Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia                                   | Grao de execución: 100%    |



***Convenio de Colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE  
para optimizar a recollida de datos no ámbito dos fogares e das empresas***

---

Unha importante liña de traballo do OSIMGA é a colaboración establecida co Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia, e que frutificou coa sinatura dun convenio de colaboración entre estas entidades.

Isto tradúcese nun aval para os traballos do OSIMGA, que garante unha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos, a exactitude e fiabilidade da información a divulgar e a precisión e coñecemento dos indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia.



- ✓ Esta colaboración permite a inclusión anualmente dun conxunto de indicadores relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos na “Enquisa Estrutural a Fogares” que realiza o IGE, o que evita duplicidades, e supón un aumento de mostra da enquisas a fogares respecto ao numero de enquisas que facía o OSIMGA.
- ✓ O convenio tamén contempla a obtención, a través do IGE, dunha ampliación dos datos da “ Enquisa de uso das TIC e comercio electrónico nas empresas” do INE, especialmente no referido ás empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade así como datos de comercio electrónico e microempresas galegas.



**[4101-02-OE05] Actualización do Sistema de Indicadores da  
Sociedade da Información de Galicia. Edición 2016**

Dando cumprimento ao programa estatístico anual para o ano 2016, o Observatorio publicou en decembro unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia está composto por 29 indicadores, que permiten monitorizar a evolución da penetración e uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica. Ademais, achega información sobre o ritmo de crecemento nos últimos catro anos.



**[4102-01-OE05] Enquisa ás Empresas TIC**

En 2016 o OSIMGA realizou a Enquisa ás Empresas TIC de Galicia, a única enquisa oficial neste sector específico, incluída no IV Plan Galego de Estatística.

O proxecto técnico desta operación estatística foi aprobado polo Consello Galego de Estatística, outorgando así un aval de calidade e certificando a rigorosidade deste estudo realizado anualmente polo OSIMGA

### **[4103-01-OE05 e 4103-02-OE05] A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos**

---

En 2016, dando cumprimento aos compromisos do IV Plan Galego de Estatística, publicouse o estudo sobre a Administración Electrónica na Xunta de Galicia e realizouse a recollida de datos correspondente á Enquisa sobre Administración Electrónica nos concellos galegos.

### **[4106-01-AE05] A Sociedade da Información no rural**

---



Por primeira vez, introdúcese nun programa estatístico anual unha actividade específica que avalíe a implantación e uso da Sociedade da Información no medio rural galego.

Este estudo utiliza a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE e baseada, á súa vez, na metodoloxía empregada por Eurostat.

XUNTA DE GALICIA

### **[4102-02-AE05] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia**

---

O propio Observatorio presenta a condición de actividade estatística e adquire o compromiso de publicar unha selección de indicadores relativos ás microempresas galegas, converténdose na única fonte de información que publica estes datos estatísticos específicos.



## 5.4 Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA

O Decreto 21/2010 define o OSIMGA coma órgano asesor e como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

Durante o ano 2016, o Observatorio ofreceu á sociedade galega información actualizada sobre o grao de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

No pasado ano, incrementáronse os indicadores analizados e as análises de estudos realizados polo OSIMGA e os resultados obtidos son positivos, quedando claramente reflectidos no importante aumento de visitas da web do OSIMGA.

The screenshot displays the OSIMGA website interface. At the top, there's a header with the logo and navigation tabs: PRESENTACIÓN, ESTADÍSTICAS, DOCUMENTOS, ACTUALIDADE, UTILIDADES, PARTICIPACIÓN, and LIGAZONS. Below the header, a featured article titled 'A Sociedade da Información e os autónomos de Galicia' is highlighted. The 'ACTUALIDADE OSIMGA' section includes a calendar for April 2016 and a list of documents. The 'DOCUMENTOS' section shows two documents with 'Click to download' buttons. The 'ESTADÍSTICAS' section features a chart titled 'Empresas Poboación'. The footer contains logos for 'amtega' and 'Contacta', along with a detailed list of services and contact information.

## Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



### Significativo aumento das visitas á web do OSIMGA [www.osimga.org](http://www.osimga.org)

A web do OSIMGA, realizada en código aberto, é a principal ferramenta de difusión pública das actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada e unha referencia experta no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

O portal web do OSIMGA recibiu 115.854 visitas, un 10,4% máis que o ano anterior, e máis de 50.100 visitantes distintos durante o ano 2016. Atendendo á evolución mensual correspondente ao ano 2016, cabe salientar que no último trimestre do ano acadáronse os valores máis elevados, con máis de 6.000 visitantes distintos e superando as 11.000 visitas desde outubro a decembro. Estes períodos coinciden coa publicación da enquisa ás empresas TIC e diversos estudos temáticos do OSIMGA.

| Evolución<br>Período 2013 – 2016 | Visitantes distintos<br>Período 2013 – 2016 | Número de visitas<br>Período 2013 – 2016 |
|----------------------------------|---------------------------------------------|------------------------------------------|
| Xaneiro                          | 4601 - 3758 – 3940 - 4057                   | 6771 – 8312 – 7650 - 10078               |
| Febreiro                         | 3303 - 3881 – 4441- 4955                    | 5381 – 7483 – 8172 - 11216               |
| Marzo                            | 3303 – 4431- 5557 - 2830                    | 5740 – 8279 -10432 - 7588                |
| Abril                            | 2404 – 4607 – 5449 - 2632                   | 5035 – 10227 – 8764 - 6868               |
| Maio                             | 2943 – 4868 – 6502 - 2510                   | 5499 – 9170 – 9781- 7980                 |
| Xuño                             | 4231 – 4181 – 4627 - 3053                   | 7388 – 8285 – 7523 - 7987                |
| Xullo                            | 3651 – 3458 – 3948 - 3351                   | 7640 – 7049 – 7411- 8759                 |
| Agosto                           | 3666 – 2326 – 3535 - 4965                   | 7020 – 6011 – 6454 - 10124               |
| Setembro                         | 2969 – 3527 – 2696 - 5137                   | 5154 – 7264 – 4983 - 10050               |
| Outubro                          | 5203 – 3805 – 5839 - <b>6053</b>            | 9637 – 8903 – 12170 - 11384              |
| Novembro                         | 5897 – 3812 – 6095 - <b>6241</b>            | 11167 - 8679 – 12045 - <b>12339</b>      |
| Decembro                         | 2382 - 4.861 – 3873 - 4358                  | 6243 – 9679 – 9524 - <b>11481</b>        |

|              |        |         |
|--------------|--------|---------|
| BALANCE 2013 | 44.013 | 82.625  |
| BALANCE 2014 | 47.515 | 99.341  |
| BALANCE 2015 | 56.502 | 104.909 |
| BALANCE 2016 | 50.142 | 115.854 |

Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



Atendendo á evolución anual dos principais indicadores relacionados coa web no último ano, obsérvase que o incremento de análise e estudos publicados na web do OSIMGA ten correspondencia co incremento de visitantes que acceden e consultan os produto e servizos que ofrece a web do OSIMGA

|                         | 2013   | 2014   | 2015    | 2016    |
|-------------------------|--------|--------|---------|---------|
| Visitas medias mensuais | 6.885  | 8.278  | 8.742   | 9.655   |
| TOTAL de visitas anuais | 82.625 | 99.341 | 104.909 | 115.854 |



As visitas da web aumentaron un 10,4% no último ano



## Liña 4 – SISTEMA DE INFORMACIÓN E VIXILANCIA



## BOLETÍN DE NOTICIAS

Semana do 21 ao 27 de marzo de 2016

www.osimga.org



## NOTICIAS OSIMGA



## As mulleres representan o 35,1% do total de traballadores do Hipersector TIC galego

- Galicia conta con máis de 3.200 empresas do Hipersector TIC, un 1,6% máis que o ano anterior
- As Empresas galegas superan a media estatal en vendas online
- O comercio electrónico en España: tendencias e comportamentos de compra
- Ocho de cada diez hogares españois tiene Internet y uno de cada cuatro, televisión de pago
- Informe "A Sociedade da Información en Galicia desde unha perspectiva de xénero"

## AXENDA

- 05/04/2016 Segundo Encontro de Economía Digital
- 13/04/2016 II Congreso Cidades Intelixentes
- 13/04/2016 Aslan 2016: Tecnoloxías para innovar en empresas, provedores de servizos y gobernos hiperconectados
- 18/05/2016 Google I/O 2016
- 06/10/2016 4ª Conferencia Internacional sobre Datos Abertos (IODC)

## GALICIA



## A Xunta abre o 'Portal de Transparencia e Goberno Aberto', que ofrece á cidadanía maior información e control sobre o Goberno

- A Xunta anima ás pemes a propoñer retos de supercomputación aplicada á Industria 4.0 para gañar competitividade
- A Xunta pon en marcha o carné único e o catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia
- Mar Pereira anuncia a posta en marcha este ano do Plan de Inclusión dixital de Galicia 2020
- Feijóo destaca que a posta en marcha do novo Programa Reacciona, dotado con 9 millóns de euros, permitirá ás pemes galegas mellorar a súa competitividade e facilitar o seu crecemento
- A aplicación da axenda de cultura da Xunta rexistrou preto de 1.000 descargas en



## ESPAÑA



## O 98% dos españois levarán gadgets esta Semana Santa

- O custo medio por infección de malware é de 140 euros por vítima
- O 20% das PEmEs españolas terán un Data Scientist no seu persoal nos próximos anos
- A fibra óptica roza os 3,3 millóns de liñas en España
- O 25% dos centros educativos usan a tecnoloxía na clase una hora á semana
- Sete millóns de facturas electrónicas no primeiro ano da súa implantación
- Ametio alerta de que o "parón político" xa freou inversións TIC en España
- Case a metade dos internautas só le xa a versión web dos diarios

## INTERNACIONAL



## A realidade virtual xerará ingresos cercanos aos 1.000 millóns de euros en 2016

- O fin das sucursais bancarias
- Un 'selfie' é unha chiscadela para pagar a túa compra en Amazon
- Google proba o pago mediante recoñecemento facial, sen usar diñeiro, tarxeta nin teléfono móbil
- As autoridades dos EE.UU. perseguen que plataformas como WhatsApp teñan mecanismos de escoita telefónica
- Multa millonaria a Apple por pactar unha subida do 40% no prezo dos 'ebooks'
- Falece Ray Tomlinson, o pai do correo electrónico e a arroba

A través da súa web e do seu boletín semanal de actualidade, **que conta xa con máis de 2.700 subscritores**, o Observatorio subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da Administración autonómica galega e a Sociedade da Información.

Ademais, o fondo histórico do OSIMGA presenta unha panorámica, ordenada de xeito cronolóxico e temático, da evolución da Sociedade da Información e a Administración electrónica en Galicia.



A integración coas canles 2.0 da Axencia para a Modernización e Innovación Tecnolóxica permite avanzar cara ao modelo de administración aberta, primando as relacións coa cidadanía e o contacto directo con eles, facéndose máis transparente, participativa e colaborativa



### *Vixilancia e análise de fontes de información externas*

Xunto cos labores vinculados ás observacións propias, o OSIMGA deu continuidade en 2016 ás tarefas de vixilancia e análise de fontes de referencia externas. Este traballo facilita a realización de análises comparativas e aliñacións de datos de Galicia con outros marcos xeográficos que se aproveitan para a realización de informes de situación, resolución de consultas, noticias e outros produtos de información OSIMGA.

Algunhas fontes de información externa analizadas en 2016 foron:





## 5.5 Liña 5 – COLABORACIÓNS

O OSIMGA, deu continuidade durante o ano 2016 ao importante capítulo das colaboracións, intercambiando información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.

No ano 2016, cabe destacar a sinerxia establecida entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE, abrindo liñas de colaboración en distintos ámbitos de observación. A continuación relaciónanse as principais entidades coas que cooperou o OSIMGA e descríbense os principais resultados desta colaboración.

O OSIMGA facilitou tamén datos a outros organismos e entidades, atendendo a demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.





## IGE

***“Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas”***

## ORGANISMO



## DESCRICIÓN

O Convenio de Colaboración asinado entre Amtega e o IGE, permitiu a integración dos indicadores da sociedade da información na poboación de Galicia dentro da enquisa de “Estructural a fogares” realizada polo IGE e unha explotación ad-hoc de datos sobre o desenvolvemento da sociedade da información nas empresas de Galicia, facilitados polo IGE e procedentes da “enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas” realizada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

## ÁMBITO

Fogares e empresas

## INE (a través do IGE)

***Ampliación dos indicadores de microempresas, publicados na “Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas” do INE e obtención, a través do IGE, de datos específicos sobre as empresas con actividade en Galicia pero con sede fóra de Galicia e indicadores sobre comercio electrónico das empresas galegas.***

## ORGANISMO



## DESCRICIÓN

A través do mencionado Convenio de Colaboración, asinado entre a Amtega e o IGE, obtivéronse datos sobre as empresas con actividade en Galicia pero con sede fóra de Galicia e unha ampliación dos indicadores sobre as microempresas e comercio electrónico correspondente ás empresas galegas, procedentes da “Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas” do INE.

## ÁMBITO

Empresas



### Red.es (ONTSI)

**Consulta de datos e informes sobre a evolución das TIC a nivel estatal**

#### ORGANISMO

**red.es**

#### DESCRCIÓN

O OSIMGA consulta e realiza un seguimento sobre os indicadores en materia da Sociedade da Información que publica o Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (ONTSI).

#### ÁMBITO

Sistema de  
Indicadores e estudos  
temáticos

### Telefónica

**O OSIMGA elaborou un capítulo relativo á Sociedade da Información en Galicia que se integrou no informe “La Sociedad de la Información en España 2016”**

#### ORGANISMO

**Telefónica**  
Fundación Telefónica

#### DESCRCIÓN

No marco de colaboración que o Observatorio desenvolve coa Fundación Telefónica, elaborouse un informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia en 2016 que recompila os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Esta colaboración integrouse no informe “La Sociedad de la Información en España 2016”.

#### ÁMBITO

Xeral



### Unidade de Muller e Ciencia

***Elaboración de estudos temáticos sobre a situación laboral da muller tecnóloga e análise dos indicadores da Sociedade da Información desde a perspectiva de xénero.***

#### ORGANISMO



#### DESCRICIÓN

Desde que en xuño de 2010, a Amtega entrara a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia, estableceuse unha estreita colaboración co OSIMGA. O Observatorio realiza un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, recabando os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC e as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin de impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade.

#### ÁMBITO

Cidadanía e empresas

### OBSAE

***Galicia colabora no grupo de traballo “Observatorio, Medidas e Indicadores” do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que participan todas as Comunidades Autónomas.***

#### ORGANISMO



#### DESCRICIÓN

O OSIMGA segue a colaborar co “Observatorio da Administración Electrónica das Comunidades Autónomas”, dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

#### ÁMBITO

Administración



### Seguimento da Axenda Dixital de Galicia

Aportacións de datos para o seguimento da Axenda Dixital de Galicia 2020

#### Axenda Dixital de Galicia 2020

##### ÁMBITO

Xeral

##### DESCRICIÓN

O OSIMGA proporcionou datos para o seguimento do cadro de mando da Axenda Dixital, a folla de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, e que foron incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

### CDTIC

*O OSIMGA facilita os principais datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial*

##### ORGANISMO



##### ÁMBITO

Empresas

##### DESCRICIÓN

O OSIMGA estableceu unha proveitosa colaboración co Centro Demostrador TIC de Galicia (CDTIC), facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

No ano 2016, tamén se proporcionaron datos relativos ao uso das TIC por parte dos autónomos ou análises sectoriais específicas.



## VOLDIX

*O OSIMGA facilitou os principais datos sobre a fenda dixital existente cos principais colectivos en risco de exclusión, atendendo á demanda de información do proxecto “Voluntariado Dixital de Galicia” (VOLDIX).*

## ORGANISMO



## DESCRICIÓN

O OSIMGA prestou especial atención ao seguimento dos indicadores desagregados por idade, xénero e hábitat para detectar posibles colectivos en risco de exclusión.

## ÁMBITO

Cidadanía

## Plan eConcellos

Publicación dunha nova edición do estudo “A Administración electrónica nos concellos Galegos”



## DESCRICIÓN

Publicación dunha nova edición do estudo sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia, en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico Plan eConcellos, o instrumento da Xunta de Galicia para impulsar a eAdministración nos concellos galegos.

## ÁMBITO

Administración



### Aportación de información para o Plan de Inclusión Dixital

***O OSIMGA colaborou co Plan de Inclusión Dixital de Galicia, atendendo á demanda de datos estatísticos que permitisen detectar os posibles problemas que afecten a extensión da Sociedade da Información en Galicia, con especial atención aos colectivos en risco de exclusión.***



#### ÁMBITO

Cidadanía

#### DESCRICIÓN

O OSIMGA atendeu a demanda de información do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, orientado ao cumprimento dos obxectivos establecidos polas Axendas Dixitais española e europea no eido da inclusión dixital.

A través deste Plan definírase un modelo global e universal de inclusión dixital, cunha maior capilaridade no territorio e no que participarán os axentes coñecedores da realidade da comunidade galega.

### Aportación de datos e indicadores para atender á demanda de información

***Atención á demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.***



#### ÁMBITO

Xeral

#### DESCRICIÓN

O OSIMGA facilitou, periodicamente, información e indicadores sobre o nivel de desenvolvemento da sociedade da información en Galicia para a súa difusión en eventos ou foros, analizou as noticias de actualidade e deu resposta ás consultas recibidas a través da web do OSIMGA.

